

## FERROL: MEMORIA DA VIDA COTIÁ

## TEMPO DE OCIO: O BOXEO



Texto Guillermo Llorca Freire  
Historiador e escritor

Foto J. Meis

Como na maioría das actividades de tempo de ocio que vimos adicando neste capítulo ó deporte, o boxeo moderno aparece tamén en Inglaterra no século XIX e en España comeza a practicarse a fins desta centuria. Sobre os seus inicios en Ferrol é pouco o que se sabe, pero puido ser promovido polos *sportmen* locais ou importado polos mariñeiros británicos que frecuentaban o porto, tal como aconteceu en Xixón, onde se ten documentado dende 1905. Tivo que ser unha modalidade deportiva minoritaria en canto ó número de participantes, pero foi adquirindo un importante número de seguidores segundo foi pasando o tempo.

É na noite do 4 de xaneiro de 1922 cando se celebra por vez primeira unha velada de boxeo na cidade, que foi todo un acontecemento. O cuadrilátero móntase no escenario do teatro Jofre e o primeiro combate é un *match* de afeccionados para logo celebrarse unha pelexa estelar entre os púxiles Balsa e Albersson, que finaliza coa victoria do primeiro. As páxinas do semanario local *El Departamento* falan tamén, en xuño de 1928, doutro boxeador ferrolán, Juan Vázquez. En 1934 organízase o primeiro combate de boxeo profesional no Cinema Ferrol e o púxil local Manolo Moreno conquista, ante o entusiasmo dos seus seguidores, o título de Galicia na súa categoría. Outra publicación da cidade, *El Radical*, dá conta o 27 de xullo de 1935 dunha velada na praza de touros, coa participación dalgúns púxiles locais como López e o devandito campeón, que se enfrenta a De Diego, de Madrid, nun combate eliminatorio para o campionato de España. No mesmo ring ofrécese ó público varios combates de loita libre. Como remate da súa información engade: *"Por ser los precios para la reunión de esta noche sumamente reducidos -al objeto de ir interesando al público local en este género de deportes- no dudamos del éxito rotundo que habrá de alcanzar el gran acontecimiento deportivo (...)".*

No Nadal dese mesmo ano numerosos afeccionados asisten a unha velada de boxeo no cine Campoamor, da Graña, na que participa o equipo da Atlética Ferrolana, que conta entre os seus deportistas con Moreno. O 7 de abril de 1934 *La Voz de Galicia* daba conta da seguinte información:

*"El día 13 del actual, en sesión de las diez y media de la noche, se celebrarán en el teatro Jofre combates de "Catch as catch can", espectáculo bárbaro, pero emocionante, donde los luchadores hacen gala de fuerza, destreza y valor. Los luchadores que van a actuar en el escenario (...) son los que componen el cuadro del Circo de Price de Madrid (...) Se celebrarán cinco com-*

*bates, entre los siguientes ases, todos ellos verdaderos colosos de esta lucha (...)".*

De novo no Jofre e en 1937, a grande figura do boxeo Paulino Uzcudun realiza unha velada de exhibición que desata a paixón dos afeccionados.

Despois da Guerra Civil organizábanse veladas de boxeo no antigo velódromo, que estaba pola zona do cine Madrid-París. Nese mesmo local celebrábanse combates de loita libre, que eran o entusiasmo de moitos rapaces que os ían presenciar en compañía dos seus pais, como os protagonizados entre *Túpac Amaru*, *El Luchador de los dedos magnéticos* e *El estrangulador de Arcila*. Polos anos 50 o boxeador mugardeés Chuque realiza combates en Ferrol e nacia outro púxil local, Famoso Dongil, que nos anos 70 chegou a pasar ó campo profesional, pero sen acadar os méritos deportivos do máis grande boxeador que deu a cidade: José Ángel González Dopico.

Natural do barrio de Esteiro e aprendiz da Bazán, sobe por vez primeira a un cuadrilátero ós 14 anos. Comeza a adestrarse nun ring provisorio dentro do Arsenal polo mugardeés Joaquín Alejos -que en 1949 conquistara no campo profesional o título de campión de España na categoría pluma-. Debuta como afeccionado en 1957 e proclámase campión de Galicia no peso pluma. Gaña tres combates nos xogos do Cantábrico e logo é seleccionado como internacional amateur para un encontro contra Francia. Despois de levar disputados 25 combates no campo amateur dá o salto ó boxeo profesional e no ano 1965 conquista o título nacional dos welter. Ese mesmo ano arrebátanlle a coroa e perde a oportunidade de recuperala o 28 de xullo de 1967, nun combate celebrado na súa cidade natal. Un ano despois, o 23 de xullo, volve gañala por K.O. no primeiro asalto dun combate celebrado en Ferrol. En 1971, conquistista de novo o cinturón de gañador. Nesta ocasión, tal como pronosticara o artigo de Lolo *"¡González Dopico campeón!*, publicado na véspera do seu combate, o 18 de marzo, nas páxinas do xornal *Ferrol Diario*:

*"Uno espera que venza González Dopico. Aparte de su clase, no le faltarán al ex-campeón los gritos de aliento*



de miles de paisanos suyos que se han desplazado esta mañana a la vecina capital coruñesa. Y ya se sabe que un grito de aliento de cualquier ferrolano vale por seis. En gritos de aliento -y en otras cosas claro- no cedemos el primer puesto a nadie".

O cronista do mesmo xornal, M. Couce, asina tamén un artigo, o 20 de marzo, de loubanza baixo o título de "González Dopico, sus amigos y su triunfo", que, entre outros comentarios, sinala:

*"(...) Gracias José, por ti, la Galicia deportiva cuenta con un nuevo título nacional de boxeo. Es una hazaña de primer orden que has sabido conquistar ante un millar de emocionados seguidores y un puñado de cabizbajos paisanos del campeón destronado (...)".*

A falta de instalacións axeitadas na súa cidade -como acontecía noutros deportes- determina que os novos combates nos que de novo pon o seu título en xogo, entre 1971 e 1973, teñan que celebrarse na Coruña. En todos eles resulta vencedor. Por esa última data o Consello Mundial do Boxeo o incluíu entre os dez mellores boxeadores do mundo na súa categoría. O 5 de novembro de 1973 perde a pelexa polo título europeo en París e o *Ferrol Diario* titula: "González Dopico vencedor real. El público de París abucheó ayer el fallo de los jueces".

Ó ano seguinte colga os guantes, pero mantendo o cinturón de campión de España. Ingresa como bombeiro na plantilla municipal da súa cidade natal renegando dun deporte tan duro e inmoral que lle permitira tocar a gloria a base de andar a golpes, segundo as súas propias palabras.

## PARA SABER MÁIS:

- COUCE PEREIRO, M. "El deporte en VV. AA. Ferrol, siglo XX", op. cit.
- "Departamento, El", Ferrol, 17-06-1928.
- "Ferrol Diario", 18, 19, 21-03-1971; 12-09, 6-11-1973.
- González Dopico, J., Gran Enciclopedia Gallega, vol. 16, op. cit.
- "Radical, El", Ferrol, 27-07-1935.
- "Voz de Galicia, La", A Coruña, 22-12-1935, 07-04-1936.